



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O CONCELLO DE MORAÑA PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DE ILUMINACIÓN E SON DO NOVO EDIFICIO SOCIO-CULTURAL MULTIUSOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Políticas Culturais ten previsto formalizar co Concello de Moraña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Moraña para dotar de mobiliario e equipamento de iluminación e son ao novo edificio socio-cultural multiusos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que contamos, como neste caso a realización das actuacións de dotación de mobiliario e equipamento de iluminación e son ao novo edificio socio-cultural multiusos, ao





tratarse dun edificio que alberga auditorio/salón de actos, zona polivalente adicado ás actividades culturais da 3ª idade, dúas aulas/talleres para actividades culturais e docentes, actividades musicais, das artes plásticas, etc, patio central como espazo de esparcementos multiusos, que permite albergar exposicións...; dáse resposta as necesidades que se xeran ao longo do ano referente á programación cultural. Con esta actuación o Concello pode prestar servizos con certo nivel de integración, de carácter educativo cultural e con gran participación cidadá.

Por todo o anterior é o Concello de Moraña o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

